

1. CONTEXTUALIACIÓN/XUSTIFICACIÓN

TÍTULO	"GALERÍA DE ARTE RUPESTRE"
ÁREAS QUE SON TRABALLADAS	ÁREA DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ, ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO,ÁREA DE MATEMÁTICAS E ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

CONTEXTO EDUCATIVO	<p>Grupos formados por 14 e 15 alumnos de 3º e 4º cursos respectivamente . Como se está a traballar nun proxecto común de centro coa temática da " PREHISTORIA", neste contexto imos a elaborar unha "galería de arte rupestre" para a súa exposición no centro educativo no " posible evento" que terá lugar á finalización do curso, onde o tema será a PREHISTORIA.</p>	NIVEL	2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
		CURSO	3º E 4º CURSOS DE E.P.
AUTORES E PROFESORADO QUE A PON EN PRÁCTICA	TITORAS DO 2º CICLO DE E.P.		

TEMPORALIZACIÓN	FECHA DE INICIO	COMÉZASE A TRABALLAR NO PROXECTO NO MES DE MARZO DE 2014
	FECHA DE FIN	FINALÍZASE ESTE TRABALLO NO MES DE XUÑO

--	--	--

DESCRIPCIÓN DA UDI	<i>GALERÍA DE ARTE RUPESTRE: Exposición e poñencia do produto final elaborado.</i>
XUSTIFICACIÓN DA UDI	<i>O centro educativo, no seu conxunto, decidimos levar a cabo un proxecto centrado na prehistoria. Repartimo o traballo a elaborar en distintos ámbitos ou temas secundarios e, dende o 2º ciclo acordamos traballar a arte rupestre. A estrutura da aula estará baseada no traballo cooperativo que facemos habitualmente: grupos de catro e dinámicas propias desta metodoloxía.</i>
VINCULACIÓN CON OUTRAS UDI (conxunto dunha programación, continuidade con outras UDI)	<i>Vincúlase co proxecto de centro " A PREHISTORIA" que terá un ou varios produtos finais de centro á finalización do curso escolar.</i>

2. DESEÑO E CONCRECIÓN CURRICULAR

ÁREA: Educación artística				
OBXECTIVOS (ÁREA/ETAPA)	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CCBB	INDICADORES DE LOGRO
<p>Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.</p> <p>Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilízalos con fin expresivos e comunicativos.</p> <p>Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.</p>	<p>Respecto e coidado do contorno, das obras que constitúen o patrimonio cultural, das producións propias e das demais persoas.</p> <p>Interese por buscar información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración de traballos diversos (exposicións, cartafolios individuais ou da clase, colaboración en eventos culturais...)</p> <p>Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte para cada persoa.</p> <p>Busca das posibilidades da cor (tonalidades, gamas...) en contrastes, variacións e combinacións, mesturando diversas clases de pintura, utilizando variados instrumentos e apreciando os resultados sobre diferentes soportes.</p>	<p>Interpretar e compartir con compañeiras e compañeiros o contido e de imaxes presentes no contorno.</p> <p>Clasificar texturas, formas, calidades e cores atendendo a criterios de similitude e diferenza.</p> <p>Amosar respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo con actividades</p>	<p>CIMF</p> <p>CCULT ART</p> <p>CSOC E CID</p> <p>C.MATEM.</p> <p>C. AP.AP.</p> <p>C AUT INIC PER</p>	<p>Amosa interese polas distintas manifestacións artísticas.</p> <p>Elabora producións artísticas de forma cooperativa co seu grupo.</p> <p>É quen de diferenciar entre distintas texturas, calidades e cores.</p> <p>Respecta as creacións propias e as dos compañeiros.</p>

<p>Valorar e compartir manifestación artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.</p> <p>Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creación propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.</p> <p>Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.</p>	<p>Elaboración individual e colectiva de imaxes en bandas de deseño, historietas, carteis, murais, mosaicos, tapices e impresións, cunha planificación previa e unha revisión posterior.</p> <p>Utilización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un texto expositivo, para a realización dun álbum ou dunha fotonovela.</p> <p>Utilización de diferentes recursos (dos medios de comunicación, informáticos, libros, láminas, teas, materiais de refugallo e naturais...) á súa disposición para a elaboración individual e colectiva de producións artísticas.</p> <p>Interese por axustar o proceso de creación, individual ou en grupo, ás intencións previstas, planificando, seleccionando apropiadamente os materiais e instrumentos segundo as súas posibilidades plásticas, decidindo a técnica máis adecuada, usando responsablemente instrumentos, materiais e espazos, asumindo as tarefas, respectando as normas que o grupo estableza e valorando o resultado final.</p> <p>Recreación de obras de arte significativas da cultura galega e doutras culturas, reflexionando sobre o proceso seguido pola persoa que o realizou.</p>	<p>plásticas e musicais.</p>		
---	--	------------------------------	--	--

ÁREA: Lingua castelá/ galega e literatura				
OBXECTIVOS (ÁREA/ETAPA)	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CCBB	INDICADORES DE LOGRO
<p>Utiliza a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.</p> <p>Utiliza a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información , como para escribir textos propios do ámbito académico.</p> <p>Utilizar os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar e valorar información e opinións diferentes.</p> <p>Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o disfrute así como para a obtención de informacións variadas.</p>	<p>Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais / expresión espontánea...) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición de quendas de palabra, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas..)</p> <p>Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.</p> <p>Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.</p> <p>Actitude de cooperación e de respecto en situación de aprendizaxe compartida.</p> <p>Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).</p> <p>Integración de coñecementos e de información procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información identificando, clasificando, comparando e interpretando.</p> <p>Produción de textos relacionados co</p>	<p>Participar en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións.</p> <p>Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións.O presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.</p> <p>Detectar e comprender a información explícita en textos escritos (en soporte papel ou dixitar) realizando inferencias directas sobre o seu contido.</p> <p>Interpretar as ideas contidas nos textos escritos habituais, tanto en formato impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.</p> <p>Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoxía e formato acordes a diversas situacións funcionais cotiás empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.</p>	<p>CCL</p> <p>AUT.INIC. PERS.</p> <p>AP AP</p> <p>C TIC D</p> <p>C. SOC. CID.</p>	<p>Participa de forma activa nas situacións comunicativas da aula.</p> <p>Respecta os turnos de palabra.</p> <p>Exprésase axeitada e eficazmente na lingua oral.</p> <p>Comunica de forma oral sentimentos, emocións, estados de ánimo e sucesos.</p> <p>Manifesta o punto de vista/opinión propio de xeito argumentado e con respecto hacia os compañeiros.</p> <p>Busca información no lido.</p> <p>Realiza inferencias sobre o lido.</p> <p>Interpreta con corrección as ideas contidas nun texto escrito.</p> <p>É quen de redactar un texto a partir dun escrito, seleccionando de forma axeitada a información máis relevante.</p> <p>Produce e reescribe distintos tipos de textos.</p>

	<p>ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...)</p> <p>Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).</p> <p>Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.</p> <p>Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.</p>			<p>Planifica o texto.</p>

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA. ACTIVIDADES E EXERCICIOS. METODOLOXÍA

DESCRIPCIÓN DA TAREFA: GALERÍA DE ARTE RUPESTRE

«Descrición xeral da tarefa; as súas bases pedagóxicas e didácticas, metodoloxía a empregar, condicións de execución, etc.»

ACTIVIDADES	EXERCICIOS	
<p><i>ACTIVIDADE 1: ELABORACIÓN DUN MAPA CONCEPTUAL SOBRE A PREHISTORIA</i></p>	<p><i>Exercicio 1.1.</i> <i>Choiva de ideas: o alumnado vai dicindo todas as palabras que se lle ocorran relativas á prehistoria. Un compañeiro vai anotando este listado de palabras no encerado</i></p>	<p><i>Exercicio 1.2.</i> <i>Agrupar as palabras do exercicio anterior en campos semánticos: vestimenta, alimentación...</i></p>
<p><i>ACTIVIDADE 2: CREACIÓN DUNHA GALERÍA DE ARTE RUPESTRE</i></p>	<p><i>Exercicio 1.3.</i> <i>Deseñar unha táboa e clasificar as distintas palabras dos campos semánticos</i></p> <p><i>Exercicio 2.1.</i> <i>Ubicar os máis importantes xacementos de restos arqueolóxicos da prehistoria nun mapa mudo da península ibérica.</i></p>	<p><i>Exercicio 1.4.</i> <i>Creación dun mapa conceptual a partir da táboa elaborada no exercicio anterior.</i></p> <p><i>Exercicio 2:2.</i> <i>Exposición por parte dun alumno do tema "As covas de Altamira", como experiencia persoal tras haber visitado este lugar. O alumno amosa obxectos varios traídos de alí: folletos, fotos ... o alumnado interactúa facéndolle preguntas sobre a súa experiencia.</i></p>

	<p><i>Exercicio 2.3:</i></p> <p><i>Investigar a partir de distintas fontes, todos os interrogantes que van xurdindo con respecto á prehistoria (“que queremos saber “ do nos proxecto). Información procedente das familias, biblioteca, TICs...</i></p> <p><i>Exercicio 2.5:</i></p> <p><i>Visita ao Centro de arte rupestre de Camplo Ca-meiro: o descubrimento do lume, a evolución do home, as armas de pedra e oso, os monu-mentos e gravados megalíticos, as pinturas ru-pestres...</i></p> <p><i>Exercicio 2.7.</i></p> <p><i>Elaboración e exposición dun mural onde irá aparecendo toda a infoarmación relevante aca-dada durante a duración do proxecto.</i></p>	<p><i>Exercicio 2.4.</i></p> <p><i>Recollida da información recabada nun caderno de investigación elaborado por eles mesmos.</i></p> <p><i>Exercicio 2.6.</i></p> <p><i>Creamos as nosas propias pinturas ru-pestres experimentando con pigmentos naturais que o alumnado trae das súas casas: pemento, terra, café... Pintamos sobre cartón, madeira e pedra.</i></p> <p><i>Exercicio 2.8.</i></p> <p><i>Selección e exposición final dos nosos traballos, creando a nosa propia galería de arte.</i></p>
--	---	--

<i>METODOLOXÍA</i>			
<i>ESCENARIOS</i>	<i>AGRUPAMENTOS</i>	<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>RECURSOS</i>
AULA ORDINARIA, BIBLIOTECA, SALA TICS, CENTRO DE ARTE RUPESTRE CAMPO LAMEIRO.	TRABALLO EN GRUPOS COOPERATIVOS- TRABALLO INDIVIDUAL, TRABALLO EN PARELLAS.	DATA DE INICIO: MARZO 2014 DATA DE PECHE: XUÑO 2014	<p>MATERIAIS:</p> <p>Material de todo tipo para a elaboración da nosa galería de arte rupestre: pigmentos naturais, cartóns, pedras, táboas de madeira...</p> <p>Bibliografía da biblioteca, materiais aportados polas familias...</p> <p>PERSOAIS: (INTERNOS /EXTERNOS)</p> <p>Titorías, familias e persoal do Centro de arte rupestre de Campo Lameiro.</p> <p>DIXITAIS: AULA TICS, vídeos sobre prehistoria, uso da internet para buscar informa-</p>

			<i>ción, etc.</i>
MODELOS DE ENSEÑANZA		PROCESOS COGNITIVOS	PERSOAL IMPLICADO
<i>MODELO COGNITIVO, APRENDIZAJE COOPERATIVO, TRABAJO POR PROYECTOS....</i>		<i>Pensamento reflexivo Pensamento analítico Pensamento creativo</i>	<i>Tutorías coa total colaboración de todo o profesorado do centro.</i>

4. AVALIACIÓN

RÚBRICA DE CONTIDOS DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

ASPECTOS A VALORAR	INDICADORES/ COMPETENCIAS	4 Sobresaliente	3 Notable	2 Suficiente	1 Insuficiente
Interpretar e compartir con compañeiras e compañeiros o contido de imaxes presentes no contorno.	Amosa interese polas distintas manifestacións artísticas.	Móstrase moi interesado polas producións artísticas e e goza cooperando activamente na interpretación elaboración das distintas obras grupais.	Amosa interese polas producións artísticas e coopera na interpretación elaboración de obras grupais.	Amosa interese polas produción artísticas, nas situación nas que se sinte máis motivado, e coopera, con certa supervisión, nas elaboración grupais.	Non mostra interese polas producións artísticas nin colabora co seu grupo.
	Elabora producións artísticas de forma cooperativa co seu grupo.				
Clasificar texturas, formas, calidades e cores atendendo a criterios de similitude e diferenza.	É quen de diferenciar entre distintas texturas, calidades e cores.	Diferencia perfectamente as distintas texturas, calidades e cores	Diferencia sen dificultade a maioría das texturas calidades e cores.	Diferencia algunhas texturas, calidades e cores.	Non é quen de diferenciar entre as distintas texturas, calidades e cores.

ASPECTOS A VALORAR	INDICADORES/ COMPETENCIAS	4 Sobresaliente	3 Notable	2 Suficiente	1 Insuficiente
Amosar respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo con actividades plásticas e musicais.	Respecta as creacións propias e as dos compañeiros.	É sempre responsable co seu traballo ao tempo que respecta o traballo dos compañeiros.	Normalmente é responsable do seu traballo e respecta as actividades feitas polos seus compañeiros.	Responsabilízase do seu traballo baixo a supervisión do mestre e, comeza a acadar unha actitude de respecto hacia as elaboracións dos seus compañeiros.	Non respecta o traballo dos compañeiros nin se responsabiliza das súas propias creacións.

RÚBRICA DE CONTIDOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA/CASTELÁ E LITERATURA.

	INDICADORES/ COMPETENCIAS	4 Sobresaliente	3 Notable	2 Suficiente	1 Insuficiente
Participar en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións.	Participa de forma activa nas situacións comunicativas da aula. Respecta os turnos de palabra.	Goza das distintas situacións comunicativas da aula, participando activamente nelas e respectando os turnos de palabra.	Participa habitualmente nas situacións comunicativas da aula e respecta as normas que rexen esas situacións.	Participa de forma guiada nas situacións comunicativas da aula e acepta importancia de respectar os turnos de palabra.	Non participa nas situacións comunicativas da aula.

COMBAS Galicia 2013–2014 / A2 — Actividad 2

	INDICADORES/ COMPETENCIAS	4 Sobresaliente	3 Notable	2 Suficiente	1 Insuficiente
Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións, presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.	Exprésase axeitada e eficazmente na lingua oral.	Exprésase na lingua oral de forma moi satisfactoria e eficaz argumentando as súas opinións e expresándose con coherencia.	Exprésase de forma axeitada na lingua oral, sendo quen de comunicar os seus sentimentos, sucesos, exposicións ou narracións.	Produce textos orais a través de construcións sinxelas conseguindo, de forma guiada, expresar sentimentos, sucesos ou distintos tipos de narracións.	Non é quen de expresarse de forma axeitada e eficaz na lingua oral.
	Comunica de forma oral sentimentos, emocións, estados de ánimo, sucesos.				
	Manifesta o punto de vista/opión propio de xeito argumentado e con respecto hacia os compañeiros.				
Detectar e comprender a información explícita en textos escritos (en soporte papel ou dixital) realizando inferencias directas sobre o seu contido.	Busca información no lido.	Detecta a información explícita en textos escritos de forma autonomía sendo quen de realizar inferencias directas sobre o lido con total eficacia.	É quen de comprender a información explícita en textos escritos realizando inferencias sobre o seu contido.	É quen de comprender a información contida en textos escritos co apoio requerido e de forma guiada.	Non é quen de comprender a información contida en textos escritos e non realiza inferencias sobre o lido.
	Realiza inferencias sobre o lido.				

ASPECTOS A VALORAR	INDICADORES/ COMPETENCIAS	4 Sobresaliente	3 Notable	2 Suficiente	1 Insuficiente
Interpretar as ideas contidas nos textos escritos habituais, tanto en formato impreso como mul-	Interpreta con corrección as ideas contidas nun texto escri-	Interpreta con total corrección	É quen de interpretar as ideas contidas nun texto	É quen de interpretar as ideas contidas nun texto	Non interpreta con corrección as ideas contidas

ASPECTOS A VALORAR	INDICADORES/ COMPETENCIAS	4 Sobresaliente	3 Notable	2 Suficiente	1 Insuficiente
<p>timedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.</p>	<p>to.</p>	<p>as ideas contidas nun texto integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento e xeralizando os novos coñecementos vinculándoos a outros textos similares.</p>	<p>chegando a integralas nos seus esquemas de coñecemento.</p>	<p>de forma guiada.</p>	<p>nun texto.</p>
<p>Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoloxía e formato acordes a diversas situacións funcionais cotiás empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.</p>	<p>É quen de redactar un texto a partir dun escrito, seleccionando de forma axeitada a información máis relevante.</p> <p>Produce e reescribe distintos tipos de textos.</p> <p>Planifica o texto.</p>	<p>Produce textos diversos con obxectivos distintos. Selecciona a información relevante dun texto e, a partir dela elabora novos escritos. Utiliza criterios de planificación e revisión de textos.</p>	<p>É quen de elaborar textos escritos utilizando criterios de planificación de textos de forma satisfactoria. Reelabora textos a partir dun escrito a maioría das veces.</p>	<p>Produce textos escritos e reelabora novos textos a partir de outros dados, sempre con axuda e de forma guiada.</p>	<p>Non é quen de elaborar un texto escrito de forma axeitada. Non planifica o texto.</p>

ASPECTOS A VALORAR	INDICADORES/COMPETENCIAS	4 Sobresaliente	3 Notable	2 Suficiente	1 Insuficiente

MOMENTOS DA AVALIACIÓN		
<p>AVALIACIÓN INICIAL</p> <p>Realízase ó inicio do traballo.</p>	<p>AVALIACIÓN CONTÍNUA</p> <p>Ó longo de todo o proceso.</p>	<p>AVALIACIÓN FINAL</p> <p>Á finalización da tarefa e como resultado final, válorase os progresos do alumno. Plásmanse nun informe final.</p>
<p>ESTRATÉXIAS/TÉCNICAS DE AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática. <p>INSTRUMENTOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rúbricas - Probas - Cadernos de equipo - Cadernos de investigación - Rexistros 	<p>Utilízase un caderno de equipo por cada grupo de traballo cooperativo. Nel van anotando as funcións de cada integrante, os obxectivos de logro, a valoración de cada actividade realizada...</p>	<p>Ao remate do caderno de equipo, fan unha valoración final de todo o proceso.</p>

--	--	--

OUTROS ÍTEMS A TER EN CONTA NA AVALIACIÓN POR CCBB

<p>MÍNIMOS ESIXIBLES DA UDI (APRENDIZAXES BÁSICAS A ADQUIRIR)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Amona unha lectura comprensiva e le de xeito correcto con axeitada fluidez e velocidade. - Produce textos axeitados ó seu nivel con intencionalidade comunicativa. - Aprecia o feito histórico. - Identifica a prehistoria e moitos dos seus rasgos.
<p>CRITERIOS PARA ESTABLECER A CUALIFICACIÓN (%)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita - Traballo en equipo - Proba oral - Traballo persoal - Participación..... <p>A nota final será posta pola titoría, consensuada co especialista en Pedagogía Terapéutica.</p>	

<p>COÑECEMENTO DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR PARTE DO ALUMNANDO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento dos ítems da avaliación a partir da rúbrica. - Coñecemento dos mínimos esixibles - Coñecemento do progreso (autoavaliación) a través de cadernos de equipo e cadernos de investigación. - 	
<p>OUTROS ASPECTOS A INCLUÍR:</p>	

5. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS/RECURSOS DO ENTORNO

<p>PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Divulgación - Instrumentos para facilitar a colaboración - Información do proceso da UDI/ explicitación da súa participación. 	<p>Participarase de xeito conxunto a nivel de centro facendo unha " xornada de portas abertas" sobre a Prehistoria.</p>
<p>DIVULGACIÓN DO RESULTADO DA TAREFA.</p>	<p>Xornada de " portas abertas" ó entorno, ciclo de conferencias, exposicións, publicacións e páxina</p>

<ul style="list-style-type: none"> - Consecuencias - Circulares - Páxina web - Presentacións - Conferencias - Publicación no xornal do centro educativo - Xornadas de portas abertas - OUTROS 	<p>web...</p>
<p>PARTICIPACIÓN/COLABORACIÓN DE RECURSOS EXTERNOS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Centro de interpretación de arte rupestre de Campo Lameiro. - Charlas de expertos - Apertura do centro ó entorno 	<ul style="list-style-type: none"> - Saída ó Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro. - Invitación a persoas do parque arqueolóxico, á xornada de “ portas abertas”.

6. AVALIACIÓN DO PROCESO E DA PRÁCTICA DOCENTE
RESULTADOS.

<p>RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA PROPIA UDI:</p>	<p>Terase en conta a avaliación final, o desenvolvemento das pro-</p>
---	---

<ul style="list-style-type: none"> - Grado de consecución de obxectivos - Temporalización - Recursos - Etc... 	<p>postas, a propia sesión de " portas abertas", e os datos recollidos na MEMORIA FINAL de aula, ciclos e dos Plans de Formación Permanente do Profesorado (COMBAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN)</p>
<p>REFLEXIÓNS:</p>	<p>Realizaranse as modificacións pertinentes en base as aspectos como: temporalización, recursos, avance do alumnado, etc...</p>
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p>	
<p>PRACTICIDADE / POSIBILIDADE DE SER POSTA EN PRÁCTICA POR OUTROS PROFESIONAIS:</p>	<p>O deseño de unha UDI pode ser un recurso válido para asegurar a continuidade do traballo plantexado nunha aula.</p>
<p>OUTROS:</p>	<p>A idea de un proxecto de centro consegue que se artelle a nivel organizativo o traballo en equipo.</p>